

ESCALETA: RADIO MENDE-8M

INÉS : Dende radio Mende, celébramos o Día Internacional da Muller.

Adicamos este día, para lembrar ás traballadoras que perderon a vida no 1911, nun incendio que arrasou a industria téxtil na que traballaban.

Ademais foi arredor do 8 de marzo, cando as mulleres se fixeron escoitar en todo o mundo, loitando por un traballo e salario dignos, pero tamén polo dereito ao voto.

A canción que soa de fondo é de Lucía Pérez, composta por Vizcaíno, fala das mulleres que levamos na nosa pel e reflicte o que somos cada unha de nos.

É o día das mulleres, seguro que os nosos alumnos contan con mulleres importantes nas súas vidas, imos escoitalos.

AUDIO EXPONTÁNEO DOS NOSOS ALUMN@S

MARÍA : Despois de escoitar ás nenas e nenos, non nos cabe dúbida que este programa está cheo de emoción. Desá emoción que nos produce falar das mulleres importantes nas nosas vidas e que levamos na nosa pel. Grazas a todas elas por todo o que fan por nós! Feliz día da muller, hoxe e todos os días do ano! Seguimos nas ondas no próximo programa!